

BASES DO SORTEO "SAN VALENTÍN 2024" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza o sorteo "**SAN VALENTÍN 2024**" entre o 7 e o 12 de febreiro de 2024 e que consistirá no sorteo dun único premio de 100 € en acebecheques para canxear nos establecementos asociados á entidade.

Participación

Con motivo da celebración de San Valentín, ACEBE CCA publicará, a través dos seus perfís de Instagram e Facebook e da cartelería nos locais asociados, o enlace a un cuestionario a través do cal ofreceranse suxestións de regalos dispoñibles nos establecementos asociados á entidade.

Para participar no sorteo, o interesado terá que completar dito cuestionario antes do 12 de febreiro as 00:00 h, indicando o seu nome e apelidos, teléfono de contacto, correo electrónico de contacto e o nome do seu perfil de Facebook ou Instagram, se o ten, para etiquetalo á hora de publicar o gañador.

Nun prazo de 24 horas dende o envío do cuestionario, ACEBE CCA remitiralle a cada participante un correo electrónico confirmando a súa participación no sorteo e recomendando 4 suxestións de regalo para San Valentín que poderá atopar nos establecementos asociados a ACEBE CCA. Cada persoa só poderá participar unha vez no sorteo.

Sorteo

O sorteo realizarase o **14 de febreiro** de 2024 ás 12:00h.

A persoa gañadora será seleccionada mediante unha ferramenta dixital que escollerá ao azar a unha de entre todas as participantes no sorteo.

Publicarase o resultado do sorteo nas contas de Facebook e Instagram de ACEBE CCA e etiquetarase o perfil que a persoa gañadora indicara no momento de cubrir o cuestionario. ACEBE CCA porase en contacto coa persoa gañadora a través do correo electrónico de contacto que indicou ao cubrir o cuestionario. Se non responde antes do 16 de febreiro ás 12:00 h, procederase a un segundo sorteo e contactarase coa persoa gañadora neste, abríndose un prazo de 2 días para que contacte con nós, ata o 19 de febreiro ás 12:00 h.

Premio

A data límite para canxear o premio é o **15 de marzo de 2024**. O premio obxecto do presente sorteo estará suxeito a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE CCA.

Os acebecheques só poderán canxearse nos establecementos asociados a ACEBE CCA. A listaxe de establecementos nos que se pode canxear o premio facilitarase ao agraciado no momento da entrega do premio.

Cada acebecheque deberá ser trocado íntegramente nunha compra ou consumición de importe igual ou superior ao valor do mesmo. Se a compra ou consumición fora de importe inferior ao acebecheque, non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Non se permite a utilización do acebecheque como medio de disposición de efectivo.

Condicións xerais do sorteo

A persoa gañadora cede os seus dereitos de imaxe para reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionado co sorteo "San Valentín 2024" de ACEBE CCA.

Non poderán participar no sorteo os empregados de ACEBE CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. O premio só poderá ser entregado a persoas maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos, a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.

PROTECCIÓN DE DATOS:

Ao participar no sorteo, os participantes entenden que ceden os seus datos persoais a ACEBE CCA e que esta utiliza e almacena os datos necesarios durante o sorteo ata o remate do mesmo seguindo a normativa da lei de protección de datos.

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos GDPR UE 679/2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, facilitámoslle a seguinte información sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1. Responsable do tratamento de datos:

ACEBE CCA - CIF: G15153869

Domicilio: Pza. Mestre Xosé Dapena Nº 1. Betanzos. A Coruña

Dirección de correo electrónico: acebe@comerciodebetanzos.com

2. Base legal do tratamento dos seus datos:

Artículo 6, apartado 1 da LOPD. O tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a Ley dispoña outra cosa.

3. Finalidade do tratamento dos seus datos:

Entrega do premio nos sorteos.

4. Período de almacenamento ou criterio para a fixación da duración:

Os datos eliminaranse aos tres meses da realización do sorteo.

5. Dereitos das persoas participantes:

O interesado terá dereito a solicitar e obter información gratuíta sobre os seus datos persoais obxecto de tratamento, a procedencia dos ditos datos, así como as comunicacións realizadas ou previstas sobre eles. (Art. 15 LOPD).

Os datos persoais cuxo tratamento non se axuste ao disposto nesta lei serán rectificadas ou canceladas, se é o caso, e, en particular, cando tales datos sexan inexactos ou incompletos. (Art. 16 LOPD). Os datos persoais deberán conservarse durante os prazos previstos nas disposicións aplicables ou, se é o caso, nas relacións contractuais entre o responsable do tratamento e o interesado. (Art. 16 LOPD Dereito de cancelación).

A persoa afectada poderá opoñerse ao seu tratamento cando concorran motivos fundados e lexítimos relacionados cunha determinada situación persoal. Neste caso, o responsable do tratamento excluírá do tratamento os datos relativos á persoa afectada. (Art. 6 apartado 4 LOPD).

O tratamento dos datos persoais requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a lei dispoña outra cousa. O consentimento poderá ser revogado cando exista causa xustificada para el e non se lle imputen efectos retroactivos. (Art. 6 apartado 1-3 LOPD).

As actuacións contrarias ao disposto nesta lei poderán ser obxecto de reclamación dos interesados ante a Axencia de Protección de Datos, na forma que regulamentariamente se determine. O interesado ao que se lle denegue, total ou parcialmente, o exercicio dos dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación, poderá poñelo en coñecemento da Axencia de Protección de Datos ou, se é o caso, do órgano competente de cada Comunidade Autónoma, quen deberá garantir a admisibilidade ou inadmisión da denegación. (Art. 18 LOPD).